

MEMORIA 5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA 2023-24

1.- ESPAZO

A aula de 5º estaba formada por 25 alumnos, 12 nenos e 13 nenas. A aula organizouse en 6 grupos de 4 persoas, sendo reorganizados ao final de cada trimestre.

A aula conta con encerado, PDI, computadores para todo o alumnado (somos centro Edixgal), biblioteca de aula, xogos e materiais funxibles. Todo o espazo da aula foi aproveitado, tanto para a exposición dos traballos elaborados polo alumnado como para a presentación de contidos relativos ás diversas áreas de aprendizaxe.

2.- ACTIVIDADES

Todas as actividades desenvolvidas procuraron a motivación do alumnado para a consecución de diversos obxectivos: fomento de hábitos lectores, fomento do uso da lingua galega, aprendizaxe de conectores e categorías gramaticais, etc.

Os traballos cooperativos en equipo foron parte importante no desenvolvemento dos contidos ao longo do curso. En áreas como as CC Sociais e CC Naturais, estas tarefas centráronse en proxectos de investigación e de afondamento no coñecemento dos contidos traballados na aula de xeito individual.

A utilización de medios audiovisuais (radio e vídeos) tamén tivo un importante papel, especialmente na área de Lingua Galega, na aprendizaxe e fomento do uso oral do alumnado.

Cabe tamén destacar a importancia que o Proxecto de Centro ten no desenvolvemento curricular, polo que moitas actividades eran realizadas en coordinación con outros cursos e eran postas en común co conxunto do centro. As exposicións de expertos, por exemplo, supoñen un traballo de investigación e de comunicación en público moi valorada por parte do profesorado, alumnado e familias.

3.- RECURSOS

Empregáronse como recursos:

- Os materiais específicos de cada área (Materiais dixitais de Edixgal)
- Libros de texto de apoio
- Encerado
- PDI
- Medios audiovisuais: (Radio e Vídeo)

Os materiais de elaboración propia centráronse na adquisición por parte do alumnado de técnicas de estudo: aprender a seleccionar a información, realización de esquemas e resumos.

4.- CURRÍCULO

Organizáronse os elementos curriculares en torno aos contidos seleccionados na programación para acadar os obxectivos de etapa e desenvolver as competencias clave. A comezo do curso realizouse unha Avaliación Inicial, coa intención de determinar o nivel de competencia curricular do alumnado e identificar as posibles dificultades de aprendizaxe.

Os traballos cooperativos por equipos tiveron un peso importante no desenvolvemento do currículo continuando a dinámica de traballo xa realizada no curso anterior.

Fíxose un seguimento diario das tarefas que o alumnado debía desenvolver mediante a observación e corrección tanto individual como en común co resto da clase.

5.- PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO

Procurouse que a participación activa do alumnado non se limitase á realización de tarefas e probas escritas. Valorouse moito o desenvolvemento do alumnado nos traballos cooperativos, a capacidade de organización e negociación cos compañeiros, así como as habilidades comunicativas, a realización de creacións propias dos alumnos ou a presentación de traballos voluntarios.

6.- PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E IMPLICACIÓN NO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO

A comezo de curso, así como na entrega trimestral das calificacións, realizáronse reunións coas familias para comentar aspectos relativos á evolución xeral do curso. Tamén se realizaron titorías individuais coas familias cando eran solicitadas por elas ou ben se demandaban desde a titoría.

7 – COORDINACIÓN DO PROFESORADO

A coordinación entre o profesorado foi moi necesaria, pois na aula de 5º entraban 4 profesores ademais dos especialistas en Música, Inglés e Relixión Católica. Por outra banda, a coordinación das titorías de 5º e 6º funcionou moi ben, especialmente na planificación de saídas e participación en diferentes actividades: deportivas, literarias, etc.

7.- ANÁLISE DOS RESULTADOS

Os resultados obtidos polo alumnado foi moi dispar. Hai un grupo de 10 alumnos que aproban o 100% das materias, 9 alumnos que suspenden 1-2 materias e 6 alumnos que suspenden máis de 3 materias. Todo o grupo promociona a 6º de Primaria posto que continúan co mesmo titor e grupo de profesores. Cómpre recordar que 5 alumnos promocionan de xeito automático por teren repetido algún curso anterior.

8.-DIFICULTADES ATOPADAS

As principais dificultades atopadas no curso foron as seguintes:

- De tipo condutual e de relación no grupo. En cursos pasados houbo conflitos prolongados que dificultaban o ambiente de aprendizaxe da aula. Ao longo do curso, houbo diversos episodios puntuais que obrigaron a realizar intervencións desde a titoría e o Departamento de Orientación. Os problemas de relación entre os alumnos foron abordados desde diversas perspectivas: aplicación de medidas correctivas, contratos co alumnado, reunións coas familias, etc. Realizáronse entrevistas con pais, asembleas cos alumnos, rexistro no caderno de incidencias e implantouse no centro un grupo de mediadores.

De tipo máis que académico. Hai 5 alumnos no grupo que xa repetiron algún curso da etapa. Algúns dos alumnos recibiron apoio dentro da aula en materias como as Matemáticas ou a Lingua Castelá. Tamén hai 2 alumnos estranxeiros, un dos cales xa ten adquiridas as linguas galega e castelá, mentres que o outro aínda non ten un dominio pleno do castelán, e un menor dominio aínda da lingua galega.

- É de destacar tamén o elevado número de faltas de asistencia que presenta algún dos alumnos, moitas delas sen xustificar.

9.-PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO

Para o próximo curso propoñémonos manter as liñas xerais de traballo desenvolvidas neste curso: Potenciar a aprendizaxe cooperativa, ampliacións horizontais de contidos, utilización das TIC, fomento das habilidades de comunicación, etc. En canto aos traballos por equipos, a principal meta en 5º é aprender a traballar en conxunto e a organizar as tarefas dentro do grupo. No próximo curso faráse máis énfase no desenvolvemento de contidos creados polos propios grupos.

Como melloras, propoñemos que o traballo cos computadores se centre no desenvolvemento de:

- Administración e xestión de arquivos: Grabar, copiar, enviar....
- Utilización de programas de tratamento de texto e presentacións.
- Utilización dun editor de audio e vídeo
- Busca e selección de información na Internet
- Mellora habilidades mecanográficas.

Outra das propostas para o próximo curso é facer un uso máis regular do laboratorio nas áreas de Ciencias.